



Entrevista con Xosé Agrelo

Francisco Abeijón Núñez

Como foron os teus inicios co nacionalismo?

A mín colléronme, practicamente integráronme dentro da organización -foi Eleuterio-, no setenta e cinco. Eu xa non era un rapaz. Xa tiña trinta e sete anos. Parece ser que foran porque eu dirixía o teatro Candea. Cando me captaron a min por exemplo Eleuterio empezou a ir con nós ao teatro. El non facía teatro, decía podo ir e ía. Dentro do grupo de teatro xa había unha militante nacionalista.

Daquela estábamos en plena clandestinidade e por tanto ninguén se podía apuntar a un grupo político nin a nada.. Eu fun dos que participei na creación da Frente Cultural da ANPG. Daquela o procedemento para a integración era buscar persoas que fosen moi boas na súa profesión, bueno moi consciente e moi responsable e ao mesmo tempo vías que era un home que exteriormente que usaba o galego, ese era un dato exterior. Os pasos a seguir eran fáciles, primeiro atopar un sentimento galeguista, non xa nacionalista, senón galeguista. Buscábase un sentimento galeguista, que eso era moi abundante. Despois viña a concienciación. Estaban considerados como pasos: primeiro un sentimento, que despois pasaba a unha concienciación nacionalista.

Como era daquela á organización?

Era moi pequena. Pero o curioso é que era moi extendida. Non había organización con

sección cultural nen ningunha organización importante en todo o país na que normalmente non houbera unha persoa nosa. Mira, un dos éxitos de Candea, de que fóramos por todos os sitios, non me refiro ao éxito teatral senón a que a nosa mensaxe chegase practicamente a a todos os sitios. Foi que nós poñámonos en contacto con asociacións culturais a través do Frente Cultural. Con unha persoa que había en Chantada, un que había en Coirós, un que había en Foz, etc. Sempre había un. En algúns sitios había unha persoa soa. Chegábase e estaba esperando por nós: «Ahí ven o compañeiro!». Éramos poucos pero estaba totalmente espallada a organización. En cáseque todos os sitios eran mestres. Estaban tamén en algúns sitios os compañeiros de ERGA. Pero claro eso realmente era no verán. Nos invernos, pois estaban en Santiago na Universidade. Todo esto estámonos referindo á zona rural. Nas cidades en barrios periféricos era donde máis xente tiñamos nós.

O traballo na organización consistía nunha reunión semanal. Había unha asemblea, porque a ANPG tiña carácter asembleario. Era unha asemblea semanal onde se estudiaba como ía a afiliación, os temas vixentes, e as mobilizacións. Porque sabes que unha das características da ANPG era a axitación. Era mobilizar, era concienciar ese sentimento nacionalista do que falamos a través de mobilizacións. Houbo un momento no que a xente

facía de todo. Había os cargos nacionais, pero a xente facía un pouco de todo, por exemplo eu tiven que participar na folga das bakas de Muros, non de apoio solo, senón que despois tiven que ir incluso aos barcos porque facía falta xente.

Había un problema, discutíase moitísimo. As veces eran horas de debate, non moi organizado porque era moi espontáneo. E uns repetíanse ós outros, pero nun debate político intenso. Incluso algún compañeiro ten se plantado e decir que tiñamos que traballar máis, que menos falar a máis traballar.

Era unha forma de preparación da militancia. Eso e máis pasarte libros de todo tipo, de Marx, Lenin... Sempre en Galiza. Había unha presta de libros dun lado para outro. Pero o debate era de horas. Isto chegábase a dar incluso no Consello Nacional na época da clandestinidade. De reunirse ás cinco da tarde e salir de alí as doce da noite.

Case todo era sobre conflitos, acórdome agora mesmo do de Baldaio, que foi a primeira manifestación á que eu fun. Non había actuacións públicas porque non podías convocar unha assemblea nin nada. O que pasa que a militancia cando tiña calquer tipo de actividade pública falaba de Galicia. Así, da colonización. Noutro ámbito, da lingua, do ensino, de que este era un país...

Era un traballo moi cargante, porque había que dar a sensación de estar en todo para dar sensación de número, porque xa digo non éramos moitos, pero éramos moi activos

E cando chegan as eleccións de 1977?

A transición foi moi dura, houbo xente encarcerada. Creouse moita máis conciencia na xente porque había máis represión. Parecía mentira pero había máis represión. Por exemplo nunca me prohibiran ningunha obra de teatro, máis que algunhas correccións. Daquela





mandábanse a Madrid os exemplares. E en cambio no 77 as miñas obras non pasaron a censura. Era máis duro.

Hai unha convocatoria de eleccións e entón hai unha discusión profunda a todos os niveis. Había quen opinaba que a xente non estaba aínda concienciada para dar ese paso, que a nosa xente aínda non tiña a concienciación suficiente do seu propio país como para meterse na loita electoral. Que se podía facilmente caer nas mans alleas, como caeron.

A outra teoría era que non podíamos quedarnos aillados. Somos un grupo político, temos que organizarnos, temos que dalgun xeito participar. Temos que ser moi serios, teñen que vernos serios. E que o normal son os procesos electorais e temos que presentarnos e demostrar que servimos para gobernar.

Participamos nas eleccións con moitísimas dificultades económicas, había que poñer cartos do noso bolsillo, había que poñer cartos sempre. Todo saía do bolsillo da militancia. E unha militancia que non era moi boiante.

Presentámonos como unha coalición electoral e facían falta sinaturas. Nós éramos o BNPG, pero a xente chamábanos BLOQUE. Usábamos moito a palabra Bloque. Incluso hai propaganda na que solo poñemos Bloque. Recordo que como non estábamos legalizados non xuntáramos as firmas suficientes. Estábamos na Coruña os candidatos –eu fun candidato ao Senado, logo fora candidato ao Congreso, con Moncho de Sésamo- remataba o prazo as doce da noite e resulta que nos faltaban as firmas. Alí estábamos con un notario nunha cafetería para nos legalizar as firmas que facían falta oitocentas ou mil non sei cantas.

eran. Ao final faltaban creo que doce. Xa era bastante tarde para poder buscalas. Pensamos «tanto moverse, carallo, e agora non podemos ir». Por aqueles pasillos amplios do Goberno Civil os funcionarios con cara de aburridos esperando polas doce da noite que rematara o prazo e cheos de papeis por todas partes como están nesas oficinas. E nesto aparecen outros que lles faltaban tamén as firmas. Eran os da Liga Comunista Revolucionaria. Nós deixámosllas a eles e eles a nós e entón poidemos presentar as sinaturas ás doce menos cinco. Aínda que había xente que non estaba moi dacordo con participar pero bueno despois de tanto traballar foi así como nos presentamos as primeiras eleccións.

A campaña electoral foi unha campaña durísima. Nós sabíamos que non íamos gañar nen moitísimo menos e queríamos aproveitar a campaña para a nosa estratexia: para a concienciación, facer nacionalismo, con vistas ao futuro. Entón usar a campaña para que a xente nos vira. Por exemplo na campaña decíase que a democracia era necesaria. Pedíamolle que foran honrados no seu voto, que votaran a quen quixeran pero votade con consciencia. Estábamos facendo futuros demócratas.

Tiven cincuenta e tantos mitins en vinteun días acórdome ben. Eu porque lle daba ben ao mitin outros facían outras cousas. Tiñas que traballar ata as seis da tarde e despois coller o coche. Nós traballamos moito a costa da morte. Tiñamos de Ribeira ata a Costa da Morte. Moncho de Sésamo era chamadísimo por todas partes, non daba abasto. Era o home máis famoso daquel momento. Houbo mitins importantes nas cidades. Eu estiven no da Coruña e no de Santiago. Acórdome que en Fisterra fixéramolo na praza e houbo un momento no que non había ninguén. Mirabas ó redor e vías a xente agachadiña polas rúas. Ata que se foron animando e media dúcia entraron. Quero decir que foi unha campaña moi difícil e moi rara.

Falemos da Constitución de 1978?

Nós votamos que non. Eu botara moitos mitins daquela, si. A constitución vai en contra do que son os principios do nacionalismo. En gran medida contra o que son as bases constitucionais, que decíamos nós. Contra a ideoloxía socialista ou comunista que tiña a maioría da xente nosa. Realmente era todo en contra. Non querías votar a algo que era ou cambias ti os teus principios ou nada. Acórdome que fora totalmente consecvente, que todas as asembleas comarcais e locais dixo non. Pensamoa que había que negarse a eso porque senón desapareceremos. No 78 decílle á xente que a constitución era mala, cando estiveras reclamando sempre por unha constitución foi moi complicado. Había que distinguirlle que era españolista, que era boa para España pero non para nós. No fondo non era máis que eso: esto é en España, e nós non somos España. Nós somos unha nación. Estamos dentro dun estado que lle chaman España, pero nós somos distintos, vivimos nun país distinto.

E o 23 de febreiro de 1981?

Foi o momento máis complicado. Ahí si que collemos un pouco de medo porque nós estábamos moi sinalados. Era a única forza nacionalista e de esquerdas que había. Noutros sitios estaban máis camuflados. Tivemos claro que aquí viña un desastre. Eu asusteime moito. Asusteime máis despois cando pasou o conto e souben que había listas, que había pistolas e había todo. Eu a nivel persoal non sufrín moito. Salía sempre a tomar a chiquita ahí ás oito da tarde ata as dez. E rodeoume a xente de Esteiro. Estivemos escoitando a radio ata que subín, ata as doce da noite. Pián acompañoume ata a casa. Notei moita solidariedade. O golpe triunfou por moito que digan, e que desde aquela, aquí non levantamos cabeza. Pensei agora si que non levantamos cabeza. Eu ideoloxicamente pensei que xa non podía ser. Cambiou tanto todo que mesmo chegou a



refundarse todo. Quen podería pensar que un pexego como Beiras, aos que lle chamábamos señoritos, chegara a ser o dirixente das nosas camadas que andábamos polo monte molladiños, pingando, daquela militancia vida da clandestinidade. Pero despois cando veu o 87, fodeuse o invento. Realmente había que refundalo, non sei se así ou de outra maneira. Pero había que refundalo porque eso non servía xa.

Poderías facer unha valoración persoal de todo este período.

A nivel individual, eu penso que si algo queda hoxe do nacionalismo, se o nacionalismo ten un respecto por parte da xente é gracias a aquelas accións. E ese rescoldo aínda segue. Agora hai un retroceso en moitas cousas, na lingua... Pero que volves a recoller porque quedou aquel rescoldo do traballo feito. Unicamente queda aquela cousa da tolería de ser un bloqueiro, un tipo estraño. Eso limouse un pouco actualmente con outros sistemas pero sen embargo no fondo a xente sabe que nós somos os únicos que loitamos por el. Eso

sábemo, e dígocho eu a ti, sábeno os da dereita, os da esquerda e os do medio. A xente normal que se dedica un pouco ó que hai ó seu arredor, sabe que somos os únicos que loitamos polo país e por eso nos odian tanto ou nos piden. Porque vían a honestidade, pero claro eso non serve para as urnas. Eu penso que moito do que se conserva hoxe é debido a aquela etapa ata o 82, foi a etapa clave...

Eu perdín moitísimo tempo, perdín moitísimos cartos. Porque tiñas unha familia e non vías un céntimo, todo ía para alí. A sorte é que tiven unha compañeira que aceptou, porque outros... xente dunha valía extraordinaria, abandonaron os estudos, abandonaron todo... Pero todo eso valeu a pena, porque esa construción deste país eu penso que foron os cementos de todo isto, do que é o nacionalismo hoxe. Poñendo como simil as estancias da casa. Puxéronse os cementos e logo avanzouse na casa pero se cadra foise moi lixeiro e a casa veuse ó carallo. Pero quedan os cementos. ♦